



Procedemento de Avaliación, Recoñecemento e Acreditación de Competencias Profesionais (ARA).

Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación y Formación Profesional no marco do Programa de Cooperación Territorial “Plan De Formación Profesional Para El Crecimiento Económico y Social y La Empleabilidad”, e pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Este procedemento realizarase en diversos centros en toda Galicia, entre eles o **CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel** onde contamos coas seguintes familias profesionais:

- Informática e comunicación
- Química
- Sanidade
- Seguridade e medio ambiente

Actualmente non existe un prazo de inscrición xa que o procedemento ARA estará **ABERTO PERMANENTEMENTE** polo que as persoas interesadas poderán inscribirse no mesmo en calquera momento e a súa solicitude terá que ser resolta nun prazo máximo de 6 meses.

A **solicitude** de participación no procedemento **deberá presentarse obrigatoriamente por vía telemática na sede electrónica da Xunta de Galicia** (<https://sede.xunta.gal>) e **requerirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo** www.edu.xunta.gal/acreditacion, desde onde deberá xerarse o formulario normalizado.

Poden consultar de xeito detallado as fases do procedemento, os requisitos necesarios para poder participar, as Unidades de Competencia ofertadas en cada centro e outra información de interese no seguinte enlace: www.edu.xunta.gal/fp/acredita

Para calquera aclaración poden contactar cos Xefa do Departamento de Acreditación e Probas do noso centro: Beatriz Mira Miñones

